

cións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Para proceder ao aboamento, o beneficiario presentará unha xustificación dos gastos e dos ingresos, así como unha declaración complementaria do conxunto das axudas aprobadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Cuarto.-Esta orde poderá ser recorrida en vía contencioso-administrativa, de conformidade cos artigos 4 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses e perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Corrección de erros.-Resolución do 12 de xuño de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se autorizan os programas de garantía social en centros públicos para o curso 2007-2008.*

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, nº 133, do martes 10 de xullo de 2007, cómpre realizar as seguintes correccións:

-Na páxina 11.825, no concello de Cambre, debe engadirse:

Cambre	15026704	IES David Buján	Comercio e márketing	GF06B01	Dependente de comercio	B
--------	----------	-----------------	----------------------	---------	------------------------	---

-Na páxina 11.826, no concello de Cedeira, debe engadirse:

Cedeira	15026376	IES Punta Candieira	Imaxe persoal	GF12B01	Auxiliar de perrucaría	B
---------	----------	---------------------	---------------	---------	------------------------	---

-Na páxina 11.829, no concello de Muxía, debe engadirse:

Muxía	15027927	IES Ramón Caamaño	Madeira e moble	GF15B04	Operario de carpintaría	B
-------	----------	-------------------	-----------------	---------	-------------------------	---

-Na páxina 11.830, no concello de Oleiros, debe engadirse:

Oleiros	15027228	IES María Casares	Comercio e márketing	GF06B01	Dependente de comercio	B
---------	----------	-------------------	----------------------	---------	------------------------	---

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 10 de xullo de 2007 pola que se procede ao nomeamento como funcionarios/as do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de letrados, dos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 29 de setembro de 2006.*

Vista a Resolución do 21 de maio de 2007 (DOG nº 102, do 29 de maio) pola que se publica a relación de aprobados do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de letrados, convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de setembro de 2006 (DOG nº 192, do 4 de outubro), e verificada a concorrencia dos requisitos exixidos nas bases da convocatoria.

Esta consellería, de conformidade co disposto na Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no Decreto 95/1991, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Xunta de Galicia, nas bases da convocatoria e demais normas concordantes,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionarios/as do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de letrados, os aspirantes aprobados que se relacionan no anexo desta resolución, de acordo coa puntuación final obtida, destinándoos/as aos postos de traballo que, así mesmo, se especifican e co carácter que nel consta.

Segundo.-Para adquirir a condición de funcionarios/as as persoas a que se refire o anexo desta resolución deberán cumprir os requisitos exixidos no artigo 45 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, a partir da data de publicación do seu nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o artigo 8.2º en conexión co artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2007.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza